

O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2010-2014 HORIZONTE 2020

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E FONDOS
Xunta de Galicia

Recibido: 27 de xuño de 2011

Aceptado: 14 de xullo de 2011

Resumo: O Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 Horizonte 2020 (PEG) configúrase como un documento aberto de planificación económica que asume como obxectivos propios os principios orientadores da Estratexia 2020 da Unión Europea. A planificación formulada recolle tres niveis de obxectivos: un obxectivo global (OG), cinco eixes de actuación e dezaseis obxectivos estratéxicos (OE), que establecen e desenvolven un conxunto de máis de cen medidas nas que se integran as actuacións dos programas de gastos da Xunta de Galicia. Así mesmo, móstrase a coherencia entre os obxectivos estratéxicos do PEG 2010-2014 horizonte 2020 e as Directrices Integradas de Europa 2020.

Palabras clave: PEG 2010-2014 horizonte 2020 / Directrices Integradas de Europa 2020.

THE STRATEGIC PLAN OF GALICIA 2010-2014 HORIZONTE 2020

Abstract: The Strategic Plan of Galicia 2010-2014 Horizonte 2020 (PEG) is set as a living document of economic planning that takes of its own the guiding principles of the EU Strategy 2020. The formulated planning includes three levels of objectives: One Global Objective (OG), five Lines of Action and sixteen Strategic Objectives (OE). These objectives establish and develop a group of over one hundred measures that integrate the performance of the expenses programs of the Xunta de Galicia. It also shown the coherence between the Strategic Objectives of the PEG and the Integrated Guidelines for Europe 2020.

Keywords: PEG 2010-2014 Horizonte 2020 / Integrated Guidelines for Europe 2020.

1. A FORMULACIÓN ESTRATÉXICA DO PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA 2010-2014 HORIZONTE 2020

O Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020 (PEG) integra os obxectivos e as prioridades estratéxicas que compoñen unha política económica capaz de constituír un apoio e unha referencia para a sociedade, coa finalidade de aumentar a riqueza de Galicia e o benestar dos seus cidadáns mediante o aumento da competitividade, a produtividade e a innovación.

O Plan asume como obxectivos propios os principios orientadores da Estratexia 2020 da Unión Europea, que se formulan a partir dun crecemento económico sosti-
do por tres prioridades:

- *Crecemento intelixente*, avanzando nun modelo económico de desenvolvemento baseado no coñecemento e na innovación.
- *Crecemento sustentable*, reforzando o progreso dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, máis verde e competitiva.
- *Crecemento integrador*, priorizando unha economía cun alto nivel de emprego, que permita un sistema socioeconómico cohesionado social e territorialmente.

Esta orientación europeísta do modelo de desenvolvemento complementábase cos resultados do exame da situación económica de Galicia a través da análise DAFO de ameazas, fortalezas, debilidades e oportunidades.

Así, a planificación formulada no Plan recolle, no ámbito estratéxico, tres niveis de obxectivos: un obxectivo global (OG), cinco eixes de actuación e dezaseis obxectivos estratéxicos (OE), que establecen e desenvolven un conxunto de máis de cen medidas nas que se integran no plano operativo as actuacións dos programas de gasto da Xunta.

O OG do PEG persegue incrementar o benestar e a calidade de vida dos cidadáns galegos, a través dunha economía competitiva e dunha Administración solidaria, mediante o fomento do coñecemento e da innovación, o que abrirá as oportunidades para a creación de emprego de calidade, o reforzo da cohesión social e o equilibrio territorial.

Este OG alcanzárase pola interacción e polos efectos directos de cinco eixes mestres, cuxas actuacións se complementan entre si e que inciden positivamente no desenvolvemento do capital humano, no aumento da dotación de capital físico e na mellora de procesos tecnolóxicos eficientes e innovadores. Na táboa 1 móstrase a vinculación estratéxica entre os eixes e os OE do PEG.

A correspondencia entre os eixes de actuacións e os OE conforma unha árbore de obxectivos, de modo que de cada un dos eixes dependen aqueles OE que están relacionados con el dunha forma máis directa e específica. Do mesmo xeito, a correspondencia entre os programas orzamentarios de gasto e as actuacións incluídas no Plan facilitan o seu seguimento e un control dos resultados, camiñando cara á unha execución do gasto por obxectivos.

Táboa 1.- Árbore de obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014

OBXECTIVO GLOBAL: CRECIMENTO SUSTENTABLE E CREACIÓN DE EMPREGO, AUMENTANDO A COHESIÓN SOCIAL E O EQUILIBRIO TERRITORIAL	
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	
EIXE 1: COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA	
1.1	Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral
1.2	Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas
1.3	Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe
1.4	Atención ao benestar social
1.5	Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais
EIXE 2: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECIMENTO E EMPREGO	
2.1	Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorando as redes de transporte e a seguridade viaria
2.2	Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas
2.3	Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clusters e o fomento da innovación e cooperación empresarial
2.4	Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego

Táboa 1 (continuación).– Árbore de obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014

OBXECTIVO GLOBAL: CRECIMENTO SUSTENTABLE E CREACIÓN DE EMPREGO, AUMENTANDO A COHESIÓN SOCIAL E O EQUILIBRIO TERRITORIAL	
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	
EIXE 3: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO	
3.1	Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación, no desenvolvemento tecnolóxico e na innovación empresarial como garantía de crecemento
3.2	Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivo, social e dos servizos públicos
EIXE 4: SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL	
4.1	Converter a contorna natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e nunha mellora da calidade de vida
4.2	Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única
4.3	Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático
EIXE 5: ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E PRÓXIMA AO CIDADÁN	
5.1	Acadar unha Administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implantación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación
5.2	Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia

FONTE: Consellería de Facenda e elaboración propia.

O Eixe 1 –Cohesión social, benestar e calidade de vida– descomponse nos cinco obxectivos estratéxicos 1.1, 1.2, 1.3, 1.4 e 1.5.

O Eixe 2 –Dinamización económica, crecemento e emprego– está relacionado nun grao alto cos obxectivos estratéxicos 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4.

Os obxectivos estratéxicos 3.1 e 3.2 inscríbense no marco de actuación do Eixe 3 –Economía do coñecemento–.

Os obxectivos estratéxicos 4.1, 4.2 e 4.3 presentan unha correlación alta co Eixe 4 –Sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial–.

E por último, do Eixe 5 –Administración austera, eficiente e próxima ao cidadán– derivan os obxectivos estratéxicos 5.1 e 5.2.

A continuación detállase a estratexia do Plan por eixes, obxectivos estratéxicos e medidas prioritarias.

1.1. EIXE 1: COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

Neste eixe aséntanse as prestacións de servizos esenciais para garantir o benestar social, a igualdade de acceso aos servizos públicos básicos de calidade na sanidade, na educación e na atención á dependencia, á vez que constitúen a salvagarda, en última instancia, dun modelo social avanzado, estable e produtivo.

Por outra parte, unha sanidade e unha educación de calidade, xunto coa promoción da cultura, o acceso á vivenda e as políticas de inclusión e revitalización demográfica crean unha base obxectiva para converter Galicia nun lugar atractivo e superar os problemas demográficos.

1.1.1. OE 1.1: Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral

Galicia atoparase no ano 2020, de seguir as tendencias actuais, entre o terzo de rexións europeas que experimentarán un descenso de poboación, con graves repercusións negativas sobre o mercado laboral, o funcionamento dos sistemas de saúde e benestar, e da propia contorna natural.

A estrutura da poboación galega mostra contrastes entre as zonas predominantemente urbanas e o resto das comarcas que presentan un rumbo máis rural. O desequilibrio demográfico, que é un dos grandes retos que Galicia afrontará ao longo das dúas próximas décadas, constitúese na fase de estratexia neste obxectivo.

As medidas do OE 1.1 son as seguintes:

- M01: Impulsar o rexuvenecemento demográfico.
- M02: Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade.
- M03: Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres.

1.1.2. OE 1.2: Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas

A sanidade considérase un pilar do estado de benestar, un instrumento que contribúe á mellora da calidade de vida dos cidadáns e ao desenvolvemento social.

Desenvolverase un novo modelo organizativo que permita a optimización dos recursos asistenciais para converter o cidadán en protagonista e receptor das políticas de saúde, e os profesionais en protagonistas da estratexia sanitaria, coa finalidade de manter un sistema sanitario viable e responsable.

As medidas do OE 1.2 son as seguintes:

- M01: Mellorar o nivel de saúde da poboación a través de programas de prevención e de promoción de estilos de vida saudables que permitan unha redución nas posibilidades de enfermarse.
- M02: Mellorar a calidade, accesibilidade e seguridade da asistencia sanitaria.
- M03: Garantir o financiamento dos novos hospitais e reforzar a rede de infraestruturas sanitarias incluíndo o emprego de fórmulas de pagamento aprazado.
- M04: Mellorar o rendemento, a produtividade e a eficiencia.
- M05: Contribuír ao desenvolvemento da contorna dos centros sanitarios.

1.1.3. OE 1.3: Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe

A través deste obxectivo trátase de intensificar a relación entre o sistema educativo e as demandas sociais. No seu conxunto, a educación facilita a capacitación dos traballadores, a produtividade e a competitividade da economía.

De modo relevante, a mobilidade de grupos específicos –como investigadores, mozos, voluntarios e mozos emprendedores– e as facilidades para a circulación dos coñecementos –como é o recoñecemento das cualificacións profesionais e os intercambios na senda do programa Erasmus– son achegas para a permanente mellora do sistema educativo, que persegue a reforma da formación profesional, a reestruturación cara a un ensino trilingüe, a integración das universidades galegas no espazo europeo de educación superior (EEES) e a introdución das TIC en todos os niveis de ensino.

Inclúese neste obxectivo o desenvolvemento da cultura e as actuacións en materia de patrimonio cultural, arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico.

As medidas do OE 1.3 son as seguintes:

- M01: Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral.
- M02: Promover un sistema educativo orientado á excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, o mérito e a capacidade.
- M03: Impulso da innovación e das TIC no sistema educativo para facilitar a aprendizaxe, transformando os centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais.
- M04: Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino.
- M05: Incrementar o número de alumnos adscritos a cursos virtuais.
- M06: Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público.
- M07: Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade.
- M08: Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía, e incorporar a formación de adultos.
- M09: Promoción de ensinanzas universitarias virtuais.
- M10: Fomento do deporte para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento.
- M11: Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao dito patrimonio en condicións de igualdade.
- M12: Desenvolvemento do cluster da auga (industrial e turístico) para o maior aproveitamento e potenciación dun recurso endógeno e exclusivo de Galicia: a gran riqueza das augas minero-medicinais e termais.

1.1.4. OE 1.4: Atención ao benestar social

Impulsarase unha atención global ás persoas en situación de dependencia e desenvolveranse programas adaptados ás necesidades dos coidadores.

Polo que respecta ás persoas maiores –máis de 65 anos–, que supoñen en Galicia o 22% do total da poboación, a atención das súas necesidades é un obxectivo das políticas sociais da Xunta, que buscan garantir o seu benestar e a súa calidade de vida.

Incrementarase a orientación e o asesoramento especializado á xuventude mediante a creación dunha rede territorial de servizos que lles preste especial atención ás súas problemáticas específicas.

As medidas do OE 1.4 son as seguintes:

- M01: Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos e prestacións económicas que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social.
- M02: Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e das persoas con discapacidade na súa contorna familiar e social habitual.
- M03: Favorecer as condicións necesarias para que a xuventude poida desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e en igualdade de oportunidades.

1.1.5. OE 1.5: Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais

Este obxectivo comprende as actuacións dirixidas a conseguir unha Galicia máis solidaria e a atender os grupos con maiores riscos e vulnerabilidade na procura da igualdade de oportunidades e do acceso aos niveis básicos de benestar social, fomentando, así mesmo, as políticas de cohesión e integración.

Potenciarase o esforzo pola inclusión, integrando no mercado laboral ás persoas mediante unha aprendizaxe permanente, especialmente daqueles colectivos máis afastados dos mercados laborais habituais.

Neste obxectivo inclúense tamén as accións de acceso e de rehabilitación da vivenda e as actuacións dirixidas a promover a cultura da solidariedade e do voluntariado.

As medidas do OE 1.5 son as seguintes:

- M01: Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais adaptándoos ás singularidades da contorna e garantindo o equilibrio territorial.
- M02: Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, aos seus retornados e á poboación inmigrante.

- M03: Modificar as estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres.
- M04: Establecemento de políticas que faciliten o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos desfavorecidos.

1.2. EIXE 2: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECEMENTO E EMPREGO

O obxecto deste eixe supón unha implicación no apoio ás infraestruturas de transporte, aos sectores produtivos, á creación de riqueza, á mellora da competitividade, á preparación dos cidadáns para aumentar o espírito emprendedor, así como unha aposta por conseguir postos de traballo de calidade, tal e como se desenvolve na Estratexia Europea polo Emprego.

A atención á internacionalización das empresas galegas e a atracción de investimentos exteriores son a pedra angular para gañar músculo industrial e empresarial.

1.2.1. OE 2.1: Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados aumentando a accesibilidade do territorio, e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria

Este obxectivo persegue completar os enlaces e vías de transporte aéreo, terrestre e marítimo que conecten o territorio galego cos espazos económicos máis próximos, como a cornixa cantábrica, o centro da península e o norte de Portugal e, á súa vez, con Europa e cos mercados mundiais.

Levarase a cabo un exercicio de estruturación do espazo territorial rexional, que aumente a conectividade e a accesibilidade interior, e que impulse un modelo integrado e único de entendemento do equilibrio territorial.

As medidas do OE 2.1 son as seguintes:

- M01: Construción de vías de altas prestacións (VAP).
- M02: Actuacións na rede de estradas convencionais.
- M03: Promoción dun sistema aeroportuario integrado que optimice conxuntamente as súas infraestruturas e unha máis ampla oferta aeroportuaria a través dos diferentes instrumentos de xestión a disposición da Xunta de Galicia; mellora da interconectabilidade entre os aeroportos, entre os aeroportos e as cidades ás que pertencen e coas restantes redes de transporte.
- M04: Crear o ente ferroviario galego coa misión de administrar a infraestrutura ferroviaria da Comunidade e aumentar o emprego do transporte ferroviario mediante o desenvolvemento de novos servizos, novas conexións cos principais nós xeradores de tráfico, tanto de viaxeiros como de mercaderías.

- M05: Desenvolver un programa galego para a seguridade viaria e para o mantemento e conservación das estradas dedicando o 3% do valor patrimonial da rede viaria.
- M06: Impulso do transporte metropolitano nas sete áreas metropolitanas cunha política tarifaria común.
- M07: Incorporar novos sistemas de transporte para articular unha mobilidade metropolitana sustentable, impulsando os proxectos de metro lixeiro da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.
- M08: Construción de intercambiadores e estacións intermodais de transporte de mercadorías e viaxeiros, deseñando áreas de descanso e aparcadoiros disuasorios.
- M09: Mellora do transporte público de viaxeiros no ámbito rural.

1.2.2. OE 2.2: Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas

Dentro do PEG, a internacionalización e a apertura en réxime de competitividade das empresas galegas constitúe un obxectivo de primeiro rango. Impulsarase a colaboración cos organismos nacionais (ICEX) ou internacionais e coas empresas a través dos clusters, das cámaras de comercio e das asociacións empresariais. Facilitaranse os procesos de mellora da calidade e, ás veces, os de certificación desta.

Apoiaranse os novos emprendedores e os proxectos innovadores e impulsaranse instrumentos como os *business angels* ou os fondos de capital risco, sen esquecerse do capital semente que teña como obxecto o investimento en proxectos de base tecnolóxica que benefician a Galicia.

Impulsarase a cooperación transfronteiriza con Portugal e a política de solo industrial.

As medidas do OE 2.2 son as seguintes:

- M01: Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento, especialmente para proxectos anovadores e emprendedores a través das figuras do capital semente e capital risco.
- M02: Fomentar a cooperación empresarial e os proxectos transfronteirizos con especial atención á Eurorrexión.
- M03: Creación de redes *monitoring* do portal do emprendemento e o desenvolvemento de *business hunting* para fomento de emprendedores e atracción de empresas emerxentes.
- M04: Apoios á innovación tecnolóxica creando espazos de innovación a través da creación dunha marca de excelencia empresarial galega.
- M05: Impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego, e incrementar a captación de investimentos foráneos a través dunha política de diversifica-

ción xeográfica e sectorial, de formación de recursos humanos, de cooperación empresarial e de visualización da marca “Galicia”.

- M06: Fomento da implementación de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación que acrediten o cumprimento de estándares de calidade e da marca “Made in Galicia”.
- M07: Completar un mapa de solo industrial de Galicia con criterios de equilibrio territorial, accesibilidade e suficiencia de capacidade e equipamentos.

1.2.3. OE 2.3: Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clusters e o fomento da innovación e cooperación empresarial

A estratexia de desenvolvemento económico de Galicia pasa por converter a diversidade nun factor competitivo dentro dunha economía globalizada, baseándose na especialización. O fomento da cooperación competitiva entre as empresas, redefinindo a política de clusters e a identificación dos sectores prioritarios de atención, impulsará a delimitación espacial de proxectos singulares.

A nuclearización de empresas interconectadas, subministradores e provedores especializados de servizos, empresas e institucións conexas, merece un impulso que dea lugar á cooperación e á innovación competitiva.

As medidas do OE 2.3 son as seguintes:

- M01: Impulso ou creación dos novos clusters nos sectores tradicionais da economía galega e daquelesoutros que polas súas vantaxes competitivas teñan expectativas de crecemento.
- M02: Consolidar un centro de homologación do automóbil e impulso do vehículo enerxeticamente eficiente.
- M03: Desenvolvemento do cluster do sector da construción naval, impulsando a diversificación e a especialización do sector.
- M04: Intensificar o peso das industrias transformadoras da madeira ampliando as liñas de produción e a gama de produtos de valor engadido.
- M05: Emprego de novos materiais de confección e produtos de compoñentes tecnolóxicos avanzados nas ramas de confección e industria téxtil.
- M06: Fomentar a innovación e a dinamización do sector comercio.
- M07: Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sustentables e respectuosas ambientalmente.
- M08: Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor desde o punto de vista produtivo, comercial e turístico.
- M09: Estruturação do sector forestal primario. Posta en marcha de sociedades de fomento forestal.

- M10: Aumento da produtividade forestal e fomento da xestión forestal sostible. Investigación forestal e transferencia tecnolóxica.
- M11: Consolidar un sector galego do audiovisual.
- M12: Aumentar a superficie e potenciar as condicións de calidade das explotacións marisqueiras e de acuicultura.
- M13: Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades, e especialización dos portos de Galicia.
- M14: Posta en valor dos produtos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe.
- M15: Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sustentabilidade e competitividade.
- M16: Desenvolvemento e impulso de estratexias de aposta pola competitividade dos establecementos turísticos (calidade –e non pola cantidade– + mellora da xestión + formación) e dos destinos (desenvolvemento de produtos que incidan directamente nun maior gasto medio e/ou maior estadía media e/ou maior cota de turismo internacional).
- M17: Apoio e incentivo a produtos turísticos estratéxicos en canto que aseguren a desestacionalización e a diferenciación no destino Galicia.
- M18: Desenvolvemento dunha nova estratexia de marketing no sector turístico.
- M19: Promoción de Galicia como destino de turismo cultural.
- M20: Mellorar os polígonos industriais.
- M21: Mellorar a seguridade industrial.
- M22: Dinamizar o sector artesanal.

1.2.4. OE 2.4: Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego

A incorporación activa e cualificada ao traballo será unha peza fundamental, especialmente nunha rexión na que o avellentamento da poboación, o menor crecemento natural e a menor entrada relativa de inmigración constitúen elementos constantes.

Para mellorar as taxas de emprego introducíranse no mercado de traballo accións que permitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, o aumento dos servizos de apoio e o fomento da igualdade de oportunidades, así como as que permiten potenciar as empresas de economía social. Así mesmo, impulsáranse formas de organización do traballo concertadas que vaian enfocadas no camiño da *flexibilidade*.

No marco do diálogo social, impulsáranse medidas para reducir a sinistralidade laboral e promover o cambio cara a unha cultura preventiva asociada á actividade natural das empresas. E tamén se desenvolverán accións para potenciar a inserción laboral dos desempregados, formar o espírito emprendedor empresarial e mellorar

a calidade do emprego. Así mesmo, promoveranse actuacións que faciliten a incorporación laboral dos inmigrantes e que aumenten a súa formación.

As medidas do OE 2.4 son as seguintes:

- M01: Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos.
- M02: Impulsar a formación específica para automoción, medio ambiente, enerxías renovables e construción enerxeticamente eficiente.
- M03: Promover a difusión da canle Emprego Galicia.
- M04: Aumentar a excelencia en materia de prevención de riscos laborais.
- M05: Fomentar e promover a creación e consolidación de empresas de economía social.
- M06: Impulsar a ocupación a través do fomento do espírito emprendedor.
- M07: Impulsar a ocupación a través do apoio aos colectivos máis desfavorecidos.
- M08: Promover a creación de postos de traballo (potenciando fundamentalmente o ámbito local e o emprendemento).
- M09: Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral.

1.3. EIXE 3: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

Galicia propónse impulsar a economía do coñecemento aplicada ás necesidades produtivas, investindo de xeito eficaz en investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial, co fin de mellorar o seu posicionamento no conxunto da economía europea, e de converterse en referente naqueles sectores nos que a rexión presenta vantaxes comparativas. Todo iso se conseguirá fortalecendo a competitividade das empresas, a presenza internacional e o esforzo investidor en actividades de I+D, mellorando a coordinación e a articulación co resto dos axentes do sistema de innovación –universidades e centros públicos de investigación, centros tecnolóxicos, sistema educativo, institucións financeiras e outros axentes catalizadores–. O obxectivo xeral é consolidar un sistema de I+D+i en Galicia, establecendo medidas que incentiven e vertebran as actividades de investigación.

En paralelo, unha das oportunidades que se lle presentan a Galicia para aumentar a competitividade radica no emprego xeneralizado das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

1.3.1. OE 3.1: Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación, no desenvolvemento tecnolóxico e na innovación empresarial como garantía de crecemento

A relación universidade-empresa evolucionou positivamente en España e en Galicia, pero sen chegar a ser aínda a pedra angular da innovación e da economía do coñecemento. Polo tanto, incrementar os procesos de innovación, racionalizar o

esfuerzo público, implicar en maior medida ás universidades na colaboración coas empresas innovadoras, e adoptar as medidas que incentiven e promovan os recursos que as empresas galegas lle dedican á I+D+i resumen este obxectivo estratéxico para avanzar nunha sociedade innovadora.

Xa no terreo propio da Administración, cómpre destacar o interese pola investigación en campos de interese social como a sanidade, a educación ou o medio ambiente coa finalidade de desenvolver criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+i e que melloren os servizos aos cidadáns.

As medidas do OE 3.1 son as seguintes:

- M01: Reforzar a investigación no ámbito universitario galego na vertente de investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais.
- M02: Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas.
- M03: Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial.
- M04: Desenvolver proxectos de I+D+i nas Administracións autonómica e local coa finalidade de aumentar a eficacia dos servizos.
- M06: Potenciar a investigación no ámbito sanitario.

1.3.2. OE 3.2: Modernizar e promover a aplicación e o emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivo, social e dos servizos públicos

A desaparición da fenda dixital que separa Galicia das rexións máis desenvolvidas é un obxectivo transversal. As TIC deben desempeñar un papel importante como instrumento de compensación dos desequilibrios territoriais de Galicia. O Plan Estratéxico Tecnolóxico Global da Xunta de Galicia –a denominada *Axenda Dixital de Galicia 2014.gal*– supón a definición do modelo xeral de organización das TIC na Xunta de Galicia, que lles dará resposta aos novos criterios estratéxicos, orgánicos e funcionais. Así mesmo, identifica as liñas estratéxicas de desenvolvemento dos sistemas de información, das redes de comunicacións e a súa extensión á Administración pública e á sociedade galega.

As medidas do OE 3.2 son as seguintes:

- M01: Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, dos fogares e das empresas de Galicia.
- M02: Fomento do emprego das TIC nos fogares e negocios para aumentar a produtividade e os intercambios tecnolóxicos e culturais.
- M03: Contribuír á formación dun sector empresarial galego da sociedade da información, facilitando o seu negocio e mesmo a cooperación a través de proxectos conxuntos.

- M04: Dinamización e consolidación do sector da comunicación.
- M05: Incrementar a transferencia de coñecemento entre a universidade e a empresa como vía para mellorar a competitividade das nosas empresas.

1.4. EIXE 4: SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL

A cohesión territorial e a busca dun desenvolvemento sustentable e harmónico conseguiranse protexendo os recursos endóxeos, garantindo a solidariedade entre territorios, preservando o medio ambiente e a contorna, e impulsando a igualdade na accesibilidade e na conectividade aos servizos públicos esenciais, alá onde se atopen. Baixo o enfoque do reequilibrio territorial, o Plan recolle tamén as actuacións compensatorias de estímulo empresarial e complementarias para a dotación de servizos persoais e empresariais.

Impulsaranse as oportunidades que se lle presentan a Galicia en enerxías renovables e na xeración de actividades económicas e de postos de traballo ligados ás actividades de produción de enerxías alternativas ou de eficiencia enerxética e de industrias de reciclaxe.

1.4.1. OE 4.1: Converter a contorna natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e nunha mellora da calidade de vida

A ordenación do territorio inspírase nun desenvolvemento sustentable a través dunha estratexia territorial integrada no conxunto da UE, que se organiza desde o recoñecemento dun modelo policéntrico, no que as grandes cidades articulan o conxunto e permiten un equilibrio e onde as vilas e os pequenos núcleos de poboación garanten a accesibilidade e a comunicación a través dunha rede de infraestruturas que respecte o medio ambiente como condición de preservación e a paisaxe e os atractivos naturais como elementos diferenciais positivos na xeración de riqueza.

Impulsarase a creación das áreas metropolitanas como estratexia de integración territorial e funcional das grandes cidades e dos concellos da súa contorna.

No planeamento municipal daráselle un impulso decidido ao proceso de formulación dos PXOM, incrementando os niveis de esixencias de protección dos valores ambientais e paisaxísticos e potenciando un ordenado urbanismo.

As medidas do OE 4.1 son as seguintes:

- M01: Ordenación do territorio e política ambiental para a posta en valor da natureza e da paisaxe.
- M02: Optimización da xestión de residuos.
- M03: Redución dos niveis de emisión e vertido de substancias contaminantes, especialmente dos produtos enerxéticos do carbón e gases de efecto invernadoiro.

1.4.2. OE 4.2: Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio, eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única

O desenvolvemento adecuado do territorio permitirá considerar Galicia como unha cidade única, o que impulsará novas oportunidades de benestar e sustentabilidade na sociedade galega.

Impulsarase unha Galicia descentralizada, entendendo os valores propios e diferenciados de cada un dos espazos, e potenciando as súas vantaxes e riqueza a través de numerosas actuacións sectoriais, viarias, industriais, parcelarias, enerxéticas, comunicacionais, de apoio á Administración local, etc., dotando a cada territorio de auténticas posibilidades de aproveitamento dos seus potenciais internos.

As medidas do OE 4.2 son as seguintes:

- M01: Creación e desenvolvemento da paisaxe e das áreas urbanas xeradoras de mellores servizos, máis eficientes e integradoras territorialmente.
- M02: Fixación da poboación e da súa distribución máis eficiente, diminuindo a súa dispersión.
- M03: Diversificación de actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia, establecendo mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas, na liña dos plans Impulsa Lugo, Impulsa Ourense e Ferrolterra e Comarca de Ortegal.
- M04: Establecemento dun novo esquema de gobernanza cos concellos, introducindo fórmulas de cooperación co fin de prestar servizos máis eficientes e sustentables.
- M05: Reforzo e colaboración coas Administracións locais para facilitarlles a mellora da atención aos cidadáns e iniciar novas formas de cooperación e gobernanza.
- M07: Promover a calidade da vivenda e da rehabilitación.
- M08: Posta en valor do Plan HURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma.
- M09: Creación do sistema de información xeográfica e corporativo da Xunta de Galicia.

1.4.3. OE 4.3: Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático

Para o ano 2020, a Unión Europea no seu conxunto formúlase un obxectivo en materia de clima e enerxía do “20/20/20”, é dicir, 20% de redución de consumo de enerxía, 20% da enerxía consumida procedente de enerxías renovables, e 20% de redución nas emisións de gases de efecto invernadoiro, incluído un incremento de ata o 30% da redución de emisións se se deran as condicións para iso.

No caso de Galicia, o reto enerxético preséntase, á vez, como unha oportunidade de creación de industrias auxiliares e postos de traballo aproveitando as favora-

bles condicións para a explotación de enerxía eólica, biomasa, solar ou mareomotriz.

As medidas do OE 4.3 son as seguintes:

- M01: Diversificar as fontes de enerxía aumentando a produción e o consumo de enerxías renovables a partir dos grandes recursos naturais dispoñibles en Galicia tendo en conta o seu potencial e o estado das tecnoloxías alternativas en cada momento.
- M02: Uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización dos edificios e construcións, as melloras do procesos produtivos, as infraestruturas de transportes e o emprego de equipos de aforro enerxético.
- M03: Concienciar os cidadáns da importancia dun uso responsable da enerxía que conduza á máxima eficiencia enerxética e a un modelo enerxético sustentable.
- M04: Desenvolver a implementación do Plan do carbón 2006-2012.
- M05: Implementar o Plan estratéxico en materia de seguridade e saúde.

1.5. EIXE 5: ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E PRÓXIMA AO CIDADÁN

A través deste Eixe trátase de impulsar reformas administrativas que eliminen trabas á iniciativa emprendedora, que lle dean prioridade á austeridade e racionalidade do gasto administrativo, e que garantan os principios de mérito e capacidade no acceso á función pública.

Destaca a reorientación ás novas formas de gobernanza, que contribuirán a un modelo no que o entendemento, o partenariado e a corresponsabilidade entre os distintos intervenientes, sexan Administracións públicas, axentes socioeconómicos, organizacións ou empresas e cidadáns, sexa a norma habitual.

1.5.1. OE 5.1: Acadar unha Administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión, e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación

Neste OE establécense accións directamente relacionadas coa prestación dos servizos necesarios para unha sociedade moderna e solidaria, tendo moi presente a necesidade de manter os rigores orzamentarios e o coidado no control dos gastos.

O fomento dunha Administración moderna e próxima permite a provisión de servizos de calidade a un menor custo, contribúe á extensión das novas tecnoloxías da comunicación e información na sociedade en xeral e, dada a importancia da propia Administración no seu dobre papel como demandante e provedor de servizos, é un axente crucial á hora de conformar un potente sector galego da información e de innovación.

As medidas do OE 5.1 son as seguintes:

- M01: Implantación dun plan de austeridade, que reasigne o gasto a actuacións produtivas e que beneficien aos cidadáns, xunto cunha execución rigorosa do orzamento.
- M02: Implementar a eficacia e a eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a Administración, dedicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos e introducindo novas figuras financeiras público-privadas e en colaboración coas institucións comunitarias.
- M03: Eficiencia orzamentaria mediante a integración da planificación estratéxica no proceso orzamentario, coa introdución de indicadores para facilitar o seguimento e avaliación das políticas públicas.
- M04: Optimización do potencial dos empregados públicos coa finalidade última de mellorar a calidade na prestación de servizos.
- M05: Fomento das TIC e da e-Administración como un dos máis poderosos instrumentos dispoñibles na actualidade para a conformación dun novo modelo, esencial no apoio dos novos procedementos e sistemas de xestión, e facilitando a accesibilidade e a atención ao cidadán.
- M06: Reforzo da Administración de Xustiza, aumentando os medios humanos e materiais co obxecto de mellorar a organización e de axilizar os procesos e o tempo de resposta.
- M07: Creación, organización e difusión do coñecemento estatístico.
- M08: Desenvolvemento das actuacións do Consello Asesor para a Integración.
- M09: Promover actuacións de carácter social destinadas aos traballadores.
- M10: Fomentar a transparencia na xestión dos recursos humanos da Comunidade.
- M11: Desenvolvemento da oficina de incompatibilidades e boas prácticas.

1.5.2. OE 5.2: REFORZO DA CAPACIDADE INSTITUCIONAL E FINANCEIRA DE GALICIA

Este obxectivo comprende, entre outras, as actuacións relativas ao avance das fontes de financiamento de Galicia para garantir o exercicio futuro das competencias transferidas, as actuacións no ámbito autonómico para poder mellorar a calidade dos servizos públicos sociosanitarios e económicos, os reforzos das actividades de Xustiza, e as actuacións de políticas de cooperación exterior, así como as accións que permiten garantir o funcionamento e os servizos das institucións galegas.

As medidas do OE 5.2 son as seguintes:

- M01: Defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia.

- M02: Protección civil e emerxencias, centrado na prevención de catástrofes naturais e dos riscos derivados do cambio climático, que priorice a prevención, planificación, coordinación e información á poboación, establecendo mecanismos concretos de apoio aos concellos.
- M03: Desenvolvemento das competencias da Xunta na importante materia de seguridade cidadá en colaboración e coordinación coas restantes Administracións Públicas competentes.
- M04: Promoción da acción exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa UE e con Portugal, e a cooperación ao desenvolvemento.
- M05: Impulsar a coordinación entre o Goberno galego, o Parlamento e o Estado.
- M07: Coordinación e seguimento das actuacións da Presidencia.

2. COHERENCIA ENTRE O PEG 2010-2014 E AS POLÍTICAS ECONÓMICAS E DE EMPREGO DA ESTRATEXIA EUROPEA 2020

As Directrices Integradas (DI) Europa 2020 fixan o marco para a Estratexia Europa 2020 e para as reformas en cada Estado membro. Son directrices integradas para garantir que as políticas nacionais e comunitarias contribúan plenamente ao logro dos obxectivos da Estratexia Europa 2020.

As dez Directrices Integradas Europa 2020 son as seguintes:

- DI.1: Garantir a calidade e a viabilidade das finanzas públicas.
- DI.2: Abordar os desequilibrios macroeconómicos.
- DI.3: Reducir os desequilibrios dentro da zona do euro.
- DI.4: Optimizar o apoio á investigación, ao desenvolvemento e á innovación (I+D+i), reforzar o “triángulo do coñecemento” e liberar o potencial da economía dixital.
- DI.5: Mellorar a utilización eficiente dos recursos e reducir os gases de efecto invernadoiro.
- DI.6: Mellorar a contorna empresarial e dos consumidores e modernizar e desenvolver a base industrial para garantir o pleno funcionamento do mercado interior.
- DI.7: Aumentar a participación de mulleres e homes no mercado laboral, reducir o desemprego estrutural e fomentar o emprego de calidade.
- DI.8: Conseguir unha poboación activa cualificada que responda ás necesidades do mercado laboral e promover a aprendizaxe permanente.
- DI.9: Mellorar a calidade e os resultados dos sistemas educativos e de formación en todos os niveis e incrementar a participación no ensino superior ou equivalente.
- DI.10: Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza.

A coherencia entre o Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020 e as Directrices Integradas de Europa 2020 preséntase na táboa 2, onde se observa que

todas as Directrices Integradas de Europa 2020 veñen reflectidas nalgún ou en varios dos obxectivos estratéxicos do PEG 2010-2014 e, por outra banda, ningún OE queda sen relacionar con algunha das Directrices Integradas.

Así, vemos como a DI.1, relacionada coa calidade e coa viabilidade das finanzas públicas, contribúe aos OE 1.1, 1.2, 5.1 e 5.2, vinculados coa revitalización demográfica, cunha prestación sanitaria pública e de calidade, cunha Administración moderna e próxima, e co reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia, respectivamente.

Táboa 2.- Coherencia entre as Directrices Integradas de Europa 2020 e o PEG 2010-2014 horizonte 2020

DIRECTRICES INTEGRADAS EUROPA 2020	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DO PEG 2010-2014															
	1.1	1.2	1.3	1.4	1.5	2.1	2.2	2.3	2.4	3.1	3.2	4.1	4.2	4.3	5.1	5.2
POLÍTICAS ECONÓMICAS																
DI.1: Garantir a calidade e a viabilidade das finanzas públicas	X	X													X	X
DI.2: Abordar os desequilibrios macroeconómicos							X	X	X							
DI.3: Reducir os desequilibrios dentro da zona do euro							X	X								X
DI.4: Optimizar o apoio á investigación, ao desenvolvemento e á innovación (I+D+i), reforzar o “triángulo do coñecemento” e liberar o potencial da economía dixital			X			X	X			X	X					
DI.5: Mellorar a utilización eficiente dos recursos e reducir os gases do efecto invernadoiro												X	X	X		
DI.6: Mellorar a contorna empresarial e dos consumidores e modernizar e desenvolver a base industrial para garantir o pleno funcionamento do mercado interior							X	X							X	
POLÍTICAS DE EMPREGO																
DI.7: Aumentar a participación de mulleres e homes no mercado laboral, reducir o desemprego estrutural e fomentar o emprego de calidade	X				X				X	X	X					
DI.8: Conseguir unha poboación activa cualificada que responda ás necesidades do mercado laboral e promover a aprendizaxe permanente			X						X	X						
DI.9: Mellorar a calidade e os resultados dos sistemas educativos e de formación en todos os niveis e incrementar a participación no ensino superior ou equivalente			X							X	X					
DI.10: Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza		X		X	X											

A DI.2 –relacionada cos desequilibrios macroeconómicos– contribúe aos OE 2.2, 2.3 e 2.4, relativos ao investimento empresarial, a potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos e a conseguir emprego de calidade, respectivamente.

A DI.3 –relacionada coa redución dos desequilibrios dentro da zona do euro– contribúe aos OE 2.2, 2.3 e 5.2, vinculados co investimento empresarial, con potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos e co reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia, respectivamente.

A DI.4 –relacionada con optimizar o apoio á I+D+i– contribúe aos OE 1.3, 2.1, 2.2, 3.1 e 3.2, vinculados co acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade, con facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, coa internacionalización da economía galega, coa construción dunha sociedade competitiva baseándose na investigación e na innovación e coa aplicación xeral das TIC, respectivamente.

A DI.5 –relacionada coa utilización eficiente de recursos e coa redución do efecto invernadoiro– contribúe aos OE 4.1, 4.2 e 4.3, vinculados coa contorna natural, co desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio e coa eficiencia enerxética e o cambio climático, respectivamente.

A DI.6 –relacionada coa mellora da contorna empresarial e dos consumidores e con modernizar e desenvolver a base industrial para garantir o pleno funcionamento do mercado interior– contribúe aos OE 2.2, 2.3 e 5.1, vinculados co investimento empresarial, coa competitividade dos sectores estratéxicos e cunha Administración moderna e próxima, respectivamente.

A DI.7 –relacionada con aumentar a participación de mulleres e homes no mercado laboral, reducir o desemprego estrutural e fomentar o emprego de calidade– contribúe aos OE 1.1, 1.5, 2.4, 3.1 e 3.2, relativos á revitalización demográfica, a impulsar a igualdade de oportunidades, á inclusión social e á mellora dos servizos sociais, a conseguir emprego de calidade, á construción dunha sociedade competitiva baseándose na investigación e na innovación e á aplicación xeral das TIC, respectivamente.

A DI.8 –relacionada con conseguir unha poboación activa cualificada que responda ás necesidades do mercado laboral e promover a aprendizaxe permanente– contribúe aos OE 1.3, 2.4 e 3.1, vinculados co acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade, a conseguir emprego de calidade e coa construción dunha sociedade competitiva baseándose na investigación e na innovación, respectivamente.

A DI.9 –relacionada con mellorar a calidade e os resultados dos sistemas educativos e de formación en todos os niveis e con incrementar a participación na ensinanza superior ou equivalente– contribúe aos OE 1.3, 3.1 e 3.2, vinculados co acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade, coa construción dunha sociedade competitiva baseándose na investigación e na innovación e coa aplicación xeral das TIC, respectivamente.

Por último, a DI.10 –relacionada coa promoción da inclusión social e coa loita contra a pobreza– contribúe aos OE 1.2, 1.4 e 1.5, relativos a garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade e á atención ao benestar social e a impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e os servizos sociais, respectivamente.